

Arbitraxe Campionatos Galegos Lóstrego e Rápidas 2023

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro no VIII Campionato Galego de xadrez Lóstrego e no XII Campionato Galego xadrez Rápido, que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 03 e 04 de Xuño de 2023 (respectivamente).

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto para os dous campionatos.

CATEGORÍAS	HONORARIOS
VIII Campionato Galego xadrez Lóstrego (03 Xuño 2023) e	Árbitro Principal: 200 euros (*)
XII Campionato Galego xadrez Rápido (04 Xuño 2023)	Árbitro Adxunto: 110 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o **Martes, 16 de Maio de 2023 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por escrito ou ben por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente ([Circular FEGAXA01/2023](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxos, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

